

# Acoso escolar



# ACOSO ESCOLAR

Acoso escolar é a intimidación e maltrato entre escolares de forma repetida e mantida no tempo, coa intención de humillar e someter abusivamente a unha persona indefensa por parte doutra acosadora ou dun grupo mediante agresiones FÍSICAS, VERBAIS E PSICOLÓXICAS.

Hai **3 criterios** que identifican o acoso

- 1. Intención de facer dano.**
- 2. Reiteración das condutas,** durante un período longo de tempo e de forma recorrente.
- 3. Desequilibrio de forzas,** habendo desigualdade de poder entre unha figura forte e outra máis débil, a vítima.

# ACOSO ESCOLAR

## QUEN PARTICIPA

Maltratadores/as

Observadores/as

Vítima

```
graph TD; A[Maltratadores/as] --> C[Vítima]; B[Observadores/as] --> C;
```

The diagram illustrates the roles in school bullying. At the top, a blue rounded rectangle contains the title 'ACOSO ESCOLAR'. Below it, the subtitle 'QUEN PARTICIPA' is centered. Two black ovals are positioned horizontally: the left one contains 'Maltratadores/as' in yellow text, and the right one contains 'Observadores/as' in white text. Below these two ovals is a red oval containing 'Vítima' in yellow text. A yellow arrow points from the 'Maltratadores/as' oval to the 'Vítima' oval, and a white arrow points from the 'Observadores/as' oval to the 'Vítima' oval.

# ACOSO ESCOLAR

## ONDE SE PRODUCE

**No propio centro escolar:** Corredores (cambio de clases), baños, vestuarios, entradas e saídas, transporte escolar e en lugares apartados do patio de recreo.

**Fora do centro:** Nos arredores do propio centro escolar e de camiño a casa do acosado/a.

**Na rede:** facebook, twiter, tuenti, email ...

## AGRESORES/AS

- Fisicamente forte.
- Necesita dominar, ter poder, sentirse superior.
- Forte temperamento, facilmente anoxadizo
- Impulsivo/a
- Baixa tolerancia á frustración.
- Desafiante e agresivo/a cara ós adultos.
- Non adoitan mostrarse ansiosos/as nin inseguros/as
- Mostran falta de empatía, ausencia de sentimentos de culpabilidade e baixa tolerancia á frustración

## VÍTIMAS

- Vulnerabilidade psicolóxica e biolóxica.
- Pouca facilidade para falar de si mesmos
- Estratexias de afrontamiento inadecuadas: illamento e resignación.
- Tristeza, choro, inquietude, ansiedade
- Deterioro no interese pola escola
- Mostran moratones, rasguños, feridas...

## ESPECTADORES

- Tolera o maltrato con inhibición.
- Coñecen ben ao agresor/a, á vítima, o lugar e os feitos... pero calan.
- O espectador/a de o abuso pode verse moralmente implicado/a cando impera a lei do silencio e participa de certas normas e falsas convencións referidas á necesidade de calar.

# CONSECUENCIAS

A consecuencia máis evidente tanto na vítimas como no agresores, soe ser a diminución do rendemento escolar xunto con un cambio no comportamento habitual.

**O agresor**, ao ter éxito coas condutas intimidatorias fronte ós compañeiros, pode elevar as probabilidades cara unha conduta delitiva no futuro, ao ver neste comportamento unha nova forma para conseguir os seus obxectivos.

O feito de aprender a comportarse deste modo para conseguir o que quere, o agresor pode chegar a estender esas formas de dominio do outro á convivencia doméstica.

**A vítima.** Nas vítimas de acoso escolar se encontran danos físicos evidentes pero tamén danos sociais como a inhibición ou o retraemento, danos psicosomáticos como pesádelas, falta de apetito, trastornos gastrointestinais, etc., así como psicolóxicos (síntomas de depresión, ansiedade, frustración) e condutuais en forma de agresión, irritación ou rutinas obsesivas.

Nos casos máis graves, as veces dase a peor consecuencia de todas, o suicidio, como única vía para escapar do acoso.

**Os espectadores:** Supón unha aprendizaxe de aceptación sobre situacións inxustas da vida. Fomenta a adopción de posturas individualizadas e egoístas á vez que se produce unha desensibilización en relación ao sufrimento dos outros

## Que fago si son a vítima

- Si estás vivindo unha situación onde hai compañeiros que se están a meter contigo, ríanse de ti, intimídanche, ameázanche, ou che obrigan para que fagas cousas que non queres facer, **non ou dubides e pide axuda de inmediato** aos teus pais, profesores ou amigos, eles pódanche axudar.
- É posible que pedir axuda a un adulto che dea vergonza ou non saibas como facelo. Si falalo directamente éche difícil, escríbeo. Unha carta describindo o que che ocorre, un e-mail, unha mensaxe de móbil, etc. Unha vez escrito o paso de entregarllo ou enviarllo a un adulto é moito máis fácil.

✓ *O acosado non é culpable da situación*

✓ *O silencio non é a solución á situación*



## Cómo podes axudar á vítima si eres testigo ou observador

Aínda que ás veces pensemos “esta historia non vai comigo”, “eu paso”, o ser observador dunha situación de acoso ou agresión e non intervir pode chegar a ser considerado como cómplice da agresión.

Debes ter en conta que a vítima atópase nunha situación na que non desexa estar.

En numerosas ocasións é moi difícil saír desta situación si non se recibe axuda externa; o medo, a pouca confianza... fai que o compañeiro que está sendo acosado non teña as ferramentas para poder acabar coa situación.

## Ti podes axudalo

### *Recorda:*

Si ves algunha situación onde lle están facendo dano a algún/a de os teus compañeiros/as non che quedes sen facer nada. Actúa, senón parecerá que estás a favor do agresor.

Recorda que as túas risas poden axudar ao fomento da situación.

Advirte desta situación aos profesores.

Motiva á vítima para que comunique a súa situación aos seus pais ou profesores. Ofréceche para acompañalo.

Cóntalles a situación aos teus pais, eles poden actuar

# Consecuencias legais

## **RESPONSABILIDADE PENAL e/ou CIVIL:**

- **Con e sen consecuencias penais (Fiscalía-Xulgado de Menores)**
- **Xunto ao procedemento penal ábrese un procedemento paralelo de responsabilidade civil**
- **Consecuencias civís (subsidiariamente pais, tutores ou representantes legais)**

**Ten en conta que os feitos cometidos por menores con dano a terceiros poden xerar responsabilidade civil, para eles mesmos ou para os seus representantes legais (pais, tutores...)**